**Infórmate da actualidade cultural e turística de Lugo!**

**Síguenos nas redes sociais do Concello:**

fb.com/LugoTurismo @lugoturismo

**www.lugo.gal**

Concello de Lugo | Ven; é Lugo

QUE SE VEXA! O GALEGO

variedade estilística converxe nunha aposta forte pola música elaborada neste país facendo versións vocais de grupos como Marful, Dhais ou Berrogüetto.

O ano 2015 presentáronse ao concurso da TVG "Oh Happy Day" do que resultaron gañadores e no que reforzaron aínda máis as bases do que hoxe é o coro para os integrantes: un lugar onde todos encaixan, onde gozan da música e onde poder ir libremente descalzos.

**Duración: 90 minutos.**

Domingo, **5** de marzo

**18.30 h.**
**MARKELIÑE**

**Dirección: Markeliñe**
**Intérpretes: Sandra F. Agirre, Esti Villa, Maitane Azpiroz.**
**Teatro de xesto; para público familiar.**
**Premio FETÉN 2015 á creatividade, dramaturxia e espazo escénico; gañador do 5º Certame Barroco Infantil de Almagro.**

## QUIJOTE, EL VÉRTIGO DE SANCHO


Quijote, el vértigo de Sancho

O noso Quijote nón é un señor delgado de barba afiada, senón unha moza cuxo soño é voar. Imaxina outros mundos a partir da realidade. Acompáñao, ademais da súa loucura, a súa fiel amiga, a súa axudante Sancha.

O soño de Quijote: Un trapecio. Será o elemento que flota sobre toda a escena e axúdanos a xerar as emocións que suxire a obra.

Cada vez que soña, o seu alter-ego, a trapecista, toma vida: un trapecio que voa sobre a súa cabeza e leva á práctica todo aquelo que ela non pode facer. O universo no que vive Quijote está tinguido dunha visión fantástica que lle fai ver muíños nas voltas dunha mesa, a Dulcinea nunha leituga e xigantes en bolsas de lixo. Xoga co aire mesmo para transformalo en melodía.

A outra personaxe, Sancha, é realista e pragmática. Unida á terra polos pés, todos os demais mundos son imposibles. Coida que Quijote para traer ao mundo real eses pés que queren saír voando. O noso Quijote é unha historia de amizade.

**Duración: 60 minutos.**

Mércores, **8** de marzo

**20.30 h.**
**PALIMOCO TEATRO**

**Dirección: Ángeles Cuña Bóveda**
**Intérpretes: Paloma Lugilde, Sergio Zearreta, Nate Borrajo**

## MEDEA, SALVAXE?
de Christa Wolf


Medea, Salvaxe?

Moitas son as reelaboracións que o mito experimentou nas mans dos autores clásicos, medievais e modernos, pero se hai algo que todas teñen en común sería o feito de que invariablemente a heroína debe enfrontarse con férreos dilemas e tomar decisións que resultarán fatais para o curso da súa vida e tráxicas tamén para quen a arrodea.

A nosa proposta é un convite para entrar no tempo pasado cunha nova actitude, dubidar da estereotipia, evitar os prexuízos, refutar as vías inmutables e escoitar.

Queremos contar a súa historia dende unha ollada diferente e actual, trazando o retrato dunha muller entre dous mundos –estranxeira aquí e acolá- que trata de afirmarse no medio da incomprensión e o receo dos habitantes da cidade onde emigrou.

Ao final [Medea] dixo: "Fixeron de cada un de nós o que necesitaban. De ti, o heroe e de min a muller perversa"

**Duración: 70 minutos.**

Domingo, **19** de marzo

**20.30 h.**
**GRUPO DE TEATRO PINCHACARNEIRO**

**Dirección: José Colmenero Encarnación**
**Intérpretes: Ángeles Cedrón Saavedra, Arturo Rodríguez Pastur, Mauro Rodríguez, Sara, Javi Iglesias López, Miguel Meilán Pérez, Ángel López Carballeiras, Ángeles Tejero Fernández, Elena Rey Muñoz, Juan Carlos Vázquez, Argimiro López, Julio Fernández Pita, Abel Núñez Saavedra, Marta Quiroga Blanco**


A ola de ouro

## A OLA DE OURO
de Plauto

A figura do avaro será amplamente representada ao longo da historia do teatro. Plauto expónnola dunha maneira cómica, ri dela e pretende que o espectador sexa cómplice da burla á que será sometida.

A Commedia dell'Arte, Molière... rescatarán este tipo para crear comedias, burlas e enredos.

"Malo é non ter diñeiro pero peor é ter en exceso!" afirma Licónides, resumindo as penurias dunha parte da sociedade actual.

A *Ola de Ouro* é unha comedia que todos, grandes, pequenos e maiores, veremos cun amplo sorriso.

A compañía agarda que o público goce tanto con esta obra como o grupo o fixo coa súa preparación e montaxe.

**Duración: 65 minutos.**


La flauta mágica

# Outra programación

**Organiza: Gestión Cultural Art Music Agency s.l.**
**Entradas: Ataquilla.com, desde 16 €**

Sábado, **18** de marzo

**20.30 h.**
**TEATRO NEGRO NACIONAL DE PRAGA**

**Dirección: Pavel Marek**

## LA FLAUTA MÁGICA
de Mozart

Trátase dun espectáculo familiar con luz negra e non verbal, arranxado como unha adaptación libre de *La Flauta Mágica* de Mozart e Schikaneder. As técnicas de escenografía tradicionais do Teatro Negro Nacional de Praga permiten representar esta obra dramática de forma doada de entender e á súa vez atractiva, e dan a posibilidade de levala a escena de forma visual para un amplo espectro de audiencia.

**Duración: 100 minutos (incluídos 15 minutos de descanso).**

# Bonos e entradas

**Bonos 5 representacións: (Só sección oficial) 35 €**

**Entradas:**

**· Sección Oficial**
**ZONA A: 10 € / ZONA B: 8 €**

Desconto do 20 % para persoas en paro, menores de 30 anos, pensionistas e actores e actrices asociados á AAAG.

**· Sección Off**
As obras do programa OFF van ter un prezo único de **5 €** e non entrarán nos bonos.

# Sistemas de venda

**BONOS:** Só a través do portal web entradaslugo.es **do 23 ao 31 de xaneiro**.

**ENTRADAS:** A través do portal web **entradaslugo.es** desde o 23 de xaneiro ata 3 horas antes do comezo de cada función; e **no auditorio**, os venres entre o 3 de febreiro e o 19 de marzo, das 18.00 ás 21.00 horas e o día da función, desde unha hora e media antes do comezo do espectáculo.

No **Centro de Interpretación da Muralla**, praza do Campo número 11, desde o 23 de xaneiro, no seu horario de apertura habitual. Tfno. de contacto 982 251 658.

* As persoas que adquiran entrada con desconto deberán acreditarse na porta de acceso.

**IMPORTANTE:**

- **Non se permitirá o acceso á sala unha vez comezada a función, nin con comida e bebida.**
- **Prohíbese a toma de fotografías e gravación do espectáculo, tanto no que se refire a son coma a imaxe, a excepción dos medios gráficos previamente autorizados.**

+info:
www.lugo.gal
ou no teléfono do Concello **010**, **982 297 350** (dende fóra de Lugo)

# Teatro Clásico + Puro Sabor

Nesta edición da Mostra, por terceiro ano consecutivo, distintos restaurantes da cidade participarán na proposta de creación dunha tapa inspirada nas obras teatrais.

Estas creacións poderán degustalas entre o 4 de febreiro e o 19 de marzo nos seguintes establecementos:

**Arrocería Os Cachivaches**
La Asamblea de las Mujeres

**Restaurante Manuel Manuel**
Illa Ollo

**Mesón de Alberto**
Trabajos de amor perdidos

**Restaurante La Encina**
Barataria

**Restaurante Antas de Ulla**
A voz humana

**Mesón El Castillo**
Soño dunha noite de verán

**Canela Bakery Coffee**
Quijote, el vértigo de Sancho

**Restaurante España**
Medea, Salvaxe?

**Restaurante Mangiarte**
A ola de ouro

**Xoldra**
Coro Encaixe

O prezo da tapa é de **2 €** (sen consumición); o público asistente poderá gozar delas de balde nos seguintes casos:

**BONOS:** os **50** primeiros vendidos a través do portal web premiaranse con vales para cambiar por 5 tapas que se consumirán nos establecementos indicados.

**ENTRADAS:** as **50** primeiras vendidas a través do portal web e as **20** primeiras adquiridas no auditorio, para cada unha das funcións, premiaranse cun vale para cambiar por unha tapa.

Os bonos e as entradas vendidas a través do portal web que resulten premiados recibirán no correo electrónico un aviso que deberán presentar no auditorio para poder recoller os seus vales. Este troco realizarase sempre ao rematar a función, para non entorpecer o discorrer do funcionamento da billeteira.




# XVII Mostra de Teatro Clásico + Puro Sabor

Do 3 febreiro ao 19 marzo de 2017

Auditorio Municipal Gustavo Freire

# XVII Mostra de Teatro Clásico

## + Puro Sabor

## Sección Oficial

**Todas as obras desta sección serán no Auditorio Municipal Gustavo Freire 20.30 h.**



La asamblea de las mujeres

### Sábado, 4 de febreiro

**PENTACIÓN**

**Dirección: Juan Echanove**
**Intérpretes: Lolita, María Galiana, Pastora Vega, Pedro Mari Sánchez, Luis Fernando Alvés, Concha Delgado, Sergio Pazos, Bart Santa, Santiago Crespo**

### LA ASAMBLEA DE LAS MUJERES
de Aristófanes

Juan Echanove estreouse como director en Mérida con esta comedia escrita por Aristófanes no ano 392 a.de C. e versionada nesta ocasión por Bernardo Sánchez que presenta a hilarante revolución feminina liderada por Praxágora (Lolita) e apoiada por outras cidadás atenienses para asumir o goberno. O texto cobra por si mesmo actualidade ao reflectir moitas das situacións e contrariedades da política e dos gobernos contemporáneos.

Lolita, Miriam Díaz Aroca, María Galiana e Pedro Mari Sánchez encabezan un elenco de nove actores que dará forma a esta divertida trama coral. Luis Fernando Alvés, Concha Delgado, Sergio Pazos, Bart Santana e Santiago Crespo completan o cartel.

Entre todos montan a gran festa que imaxinou Juan Echanove para presentar esta toma do poder ateniense por parte das mulleres tras un sibilino golpe de Estado no parlamento.

Aristófanes serviuse desta 'revolución feminina' para presentar a súa aguda crítica aos gobernantes atenienses e agora Juan Echanove utilízaa como excusa para facer o propio coa situación política contemporánea, para buscar o paralelismo coa situación da Grecia actual, por exemplo. Iso si, en ton de "esmorga ao aire libre" e de fanfarra de entroido na que non faltará a música, composta por Javier Rubial.

**Duración: 115 minutos.**



Trabajos de amor perdidos

### Sábado, 18 de febreiro

**FUNDACIÓN UNIR:**
**Fundación Siglo de Oro, London Shakespeare's Globe Theatre, Teatros del Canal e Pentación espectáculos.**

**Dirección: Tim Hoare e Rodrigo Arribas**
**Intérpretes: Javier Collado, Montse Díez, Jesús Fuente, Alicia Garau, Jorge Gurpegui, Julio Hidalgo, José Ramón Iglesias, Alejanda Mayo, Sergio Moral, Raquel Nogueira, José Patiño, Pablo Vázquez**

### TRABAJOS DE AMOR PERDIDOS
de William Shakespeare

"Trabajos de amor perdidos" ("Love's Labour's Lost") é unha das comedias que William Shakespeare escribiu nos seus primeiros anos, cara a 1595. Narra a historia do rei de Navarra e tres dos seus cabaleiros, quen deciden recluírse no castelo do rei durante tres anos para dedicarse á erudición e ao estudo, evitando o contacto feminino durante ese tempo.

A chegada ao castelo da princesa de Francia e tres das súas damas quebrará a firme determinación dos cabaleiros, dando lugar á confrontación entre os votos de manterse en abstinencia e a seducción que supón a ruptura do xuramento para deixarse levar polas atraccións do amor.

**Duración: 125 minutos.**



Barataria

### Domingo, 19 de febreiro

**TEATRO CORSARIO**

**Dirección: Luis Miguel García**
**Intérpretes: Julio Lázaro, Borja Gutiérrez Semprún, Jesús Peña, Carlos Pinedo, Anahí van der Blick**

### BARATARIA
baseada na obra de Miguel de Cervantes

Teatro Corsario, entre os seus moitos clásicos, achégase nesta ocasión ao gran Miguel de Cervantes. En clave de comedia, Barataria combina escenas do Quijote con achegas bastardas nas que a realidade de principios do século XVII é levada aos nosos días. Á maneira do Entroido medieval, ponse o mundo ao revés. Xunto da advertencia de que cada cal é dono dos seus actos, móstranse os sentimentos e reflexións do louco don Quijote respecto do mundo que o rodea. A súa imaxinativa mirada propón unha poética teatral que deriva en xogo escénico: ao igual que os muíños son xigantes, a rameira Maritornes é unha bela princesa. Do mesmo xeito, don Quijote vai sendo Sancho Panza e Sancho Panza vai sendo don Quijote. O espectador está chamado a imaxinar, a rir e a sentir tenrura nesta *Barataria* na que o desengano deixa unha porta aberta: don Quijote segue vivindo.

**Duración: 80 minutos.**



A voz humana

### Sábado, 25 de febreiro

**LAURA ALONSO (Ópera)**

**Intérpretes: Laura Alonso Padín, soprano; James Baillieu, pianista.**

### A VOZ HUMANA
Traxedia lírica nun acto de Francis Poulenc.
Libreto de Jean Cocteau

*La voix humaine* é unha ópera de Francis Poulenc que data do ano 1958 e que se escribiu sobre o monólogo orixinal de Jean Cocteau que leva o mesmo título. Nel, unha muller -interpretada na ópera por unha soprano- ten a súa última conversa telefónica co seu amante, que hai pouco que a deixou, e intenta refacer a súa vida.

Durante a proposta desta obra na súa versión para piano e soprano, dáse a coñecer mellor todo o carácter intimista que ten o texto de Cocteau e adéntranos totalmente en diferentes estados de ánimo do personaxe da obra.

Nesta ocasión, a soprano Laura Alonso Padín estará acompañada polo pianista James Baillieu.

**Duración: 75 minutos.**



Soño dunha noite de verán

### Sábado, 4 de marzo

**VOADORA**

**Dirección: Marta Pazos**
**Adaptación: Marco Layera**
**Intérpretes: Diego Anido, Areta Bolado, Jose Díaz, Borja Fernández, Janet Novas, Andrea Quintana, Anael Snoek, Hugo Torres**

### SOÑO DUNHA NOITE DE VERÁN
de William Shakespeare

Voadora celebra dez anos facendo teatro e está de festa. Esta vez a pista de baile ten máis que ver co xardín das Delicias de El Bosco, ou coa zona escura do erotismo animal, que propón Goya nos seus Caprichos, que coa Titania acariciando ao tenro asno que pintou Chagall. Calor e espectáculo vannos contaxiar coa mesma onda expansiva coa que o destino destrúe os plans dos deuses e mortais. Pero non te equivoques, espectador: isto é unha comedia sobre o amor, a dor, a paixón, o sexo, os encontros, os desencontros e o poder. É unha comedia sobre ti e sobre min. Porque xa fomos cazador e xa fomos presa. Así pasamos toda a vida: amando, sendo amados, rexeitando, conquistando... E que outra cousa podemos facer neste bosque e con esta calor?

**Duración: 90 minutos.**



A Mostra: un clásico entre os clásicos

## Sección Off

**Obras na rúa, espectáculos de pequeno formato, aforo reducido ou dirixido a público determinado (Ver localización e hora de cada obra)**

### Luns, 30 de xaneiro

**20.00 h.** Pr. da Milagrosa, R/ Divina Pastora

### Mércores, 1 de febreiro

**11.00 h.** Pr. de Abastos
**12.00 h.** R/ San Marcos
**13.00 h.** Pr. Maior
**20.00 h.** Pr. Augas Férreas

### Venres, 3 de febreiro

**17.00 h.** Exterior do museo Porta Miñá
**18.00 h.** Exterior da Casa dos Mosaicos

### Sábado, 4 de febreiro

**13.00 h.** Praza do Campo Castelo

Tamén haberá intervencións en institutos, autobuses urbanos, na universidade, Casa das Linguas...

**LUCECÚS TEATRO**

**Dirección: Rubén Pérez Pombo**
**Intérpretes: Isa Herrero, Anxo Manoel**

### A MOSTRA:UN CLÁSICO ENTRE OS CLÁSICOS

Un xeito divertido de achegarse ao que nos ofrecerá a XVII Mostra de Teatro Clásico de Lugo. Déixate sorprender polos clásicos!

Laurencia é unha profesora de literatura agrisada que se toma moi en serio o seu traballo. Venancio é un actor tropical desexando xubilarse para viaxar polo mundo enteiro. Os dous tentarán conxuntamente explicar en qué consiste o teatro clásico e as súas cores. Unha lección curiosa e divertida que pretende facer un percorrido polas pezas teatrais programadas na Mostra de Teatro Clásico da nosa cidade adaptado para todos os públicos.

**Duración: 30 minutos.**



Canterbury Tales

### Venres, 3 de febreiro

**PARLON FILMS / CUP OF THEATRE**

**Dirección: Rebeca Cobos**
**Intérpretes: Lydia Robinson, Stephanie Prior, Connor Arnold, Matt James.**

### CANTERBURY TALES
de Geoffrey Chaucer

**10.00 h. CANTERBURY TALES - INTERMEDIATE**

Aborda tres contos breves de estilos e mensaxes morais distintas narradas polos peregrinos no seu camiño a Canterbury. Esta adaptación do clásico británico escrito por G. Chaucer no século XIV resalta valores coma o repecto, a lealdade, a humildade e a responsabilidade ante os seus actos. Educativa e á vez moi divertida! Con intérpretes nativos británicos.

"The Nun's Priest's Tale" MUSICAL
"The Pardoner's Tale" THRILLER
"The Wife of Bath Tale" COMEDIA

**Duración: 65 minutos.**

**12.00 h. CANTERBURY TALES - TEENS**

Adaptación do clásico da literatura británic Canterbury Tales e xiran en torno ao RESPECTO: confianza, respectar para ser respectado / amizade, a avaricia rompe o código de respecto entre os amigos / muller, respecto aos seus desexos.

"The Shipman's Tale" DRAMA
"The Pardoner's Tale" THRILLER
"The Wife of Bath Tale" COMEDIA

**Duración: 65 minutos**



Illa Ollo

### Domingo, 5 de febreiro

**20.30 h. NASDROVIA**

**Dirección: Roi Vidal**
**Intérpretes: Gustavo Fouce, Simón Piñón**

### ILLA OLLO
de Manuel Lourenzo

*A historia sempre se repite: primeiro como traxedia, despois como farsa.*

O mariñeiro Ulises sofre durante o seu dificultoso regreso da guerra de Troia un decisivo naufraxio que o leva ata a cova do cíclope Polifemo, un malvado xigante dun só ollo que come todos os mariños do rei de Ítaca. Ulises refúxiase nun recuncho do antro do monstro protexido por Sileno, o rei dos sátiros, que vive dende hai tempo escravizado polo cíclope.

O conflito entre os dous personaxes está servido: Ulises pensa en escapar da cova para volver a Ítaca, onde o agardan a súa muller Penélope e o seu fillo Telémaco; Sileno está ben como está e non ve necesario saír dunha illa na que Polifemo lle dá todo o que necesita a cambio de servilo. Mais os dous personaxes poden chegar a un acordo para que Ulises poida escapar sen a necesidade de matar a Polifemo: cegar o seu único ollo cunha estaca ardente.

Está Ulises seguro de que quere poñer fin ás súas aventuras? E cómo comprender a actitude conformista de Sileno?

**Duración: 90 minutos.**



Coro Encaixe

### Domingo, 12 de febreiro

**20.30 h. CORO ENCAIXE**

**Dirección: Manuel Abraldes**
**Intérpretes: Michel Ribadulla, Rubén Prieto, Carlos Abraira, Bieito Ruíz, Sergio Piñeiro, Diego "Macaca", Xoán Padín, Carlos García, Rocío Jiménez, Lorena Gontad, Inés Salvado, María Pardo, Faia Díaz, Paula Romero, Manuel Abraldes**

### CORO ENCAIXE

O coro Encaixe é unha potaxe nada das inquietudes e gustos musicais e artísticos de todos os que compoñen esta formación vocal. Toda esta